



CCOO de Industria Galicia
Secretaría Comunicación
Rúa María, 42, 15402 Ferrol

| www.industria.ccoo.es/Galicia

DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN

CCOO GAÑA POR MAIORÍA ABSOLUTA AS ELECCIÓN SINDICAIS EN BOLTON FOOD

O persoal de BOLTON FOOD (O Grove) apoiou contundentemente á candidatura presentada por Comisións Obreiras de Industria nas eleccións sindicais celebradas no día de onte na empresa. Dos 13 representantes que se tiñan que elixir, CCOO obtivo 9 representantes, a candidatura da CIG 2 representantes e da UGT 2 representantes.

Vigo, 21 de febreiro de 2024

No proceso electoral celebrado no día de onte nas instalacións da empresa Bolton Food as persoas traballadoras depositaron a súa confianza en CCOO que gañou as eleccións por unha amplísima maioría absoluta. A representación de CCOO obtivo 9 representantes dos 13 que se tiñan que elixir.

Con este resultado o persoal de Bolton Food premia o gran traballo desenrolado pola sección sindical de CCOO nos últimos catro anos, ao mesmo tempo que nos empra a liderar a defensa e mellora dos seus dereitos nesta nova lexislatura.

Nestas novas eleccións sindicais CCOO sacou 9 representantes, 8 deles no colexio de especialistas con 164 votos e 1 representante máis no colexio de técnicos con 33 votos; A candidatura da UGT obtivo 2 representantes, 1 no colexio de especialistas con 30 votos e 1 máis no colexio de técnicos con 15 votos; A candidatura da CIG obtivo 2 representantes, os 2 no colexio de especialistas con 50 votos.

Desde CCOO de Industria de Galicia queremos agradecer a todas as persoas traballadoras de Bolton Food o apoio e confianza que depositan na Sección Sindical de CCOO, confianza que recollemos con responsabilidade que a devolveremos con traballo, honestidade e bos resultados.

Afiliada a IndustriAll European Trade Union, IndustriAll Global Union, EFFAT y UITA